



INTERVENCIÓN SOCIO-FAMILIAR CON FAMILIAS, MULLERES E MENORES EN SITUACIÓN DE DESVENTAJE SOCIAL

O noso proxecto baséase no traballo con familias, xa que esta constitúe a principal unidade de convivencia da comunidade e é a base sobre a que se organiza a mesma. Debido aos cambios socioeconómicos acontecidos últimamente observamos que se pasou dun modelo tradicional de familia único ao pluralismo de distintas alternativas familiares.

Así, podemos dicir, que houbo unha notable maioría de familias monoparentais encabezadas por unha persoa solteira ou separada, na súa maioría mulleres con fillos; é o que podemos denominar feminización da pobreza. A maioría delas enfróntase a unha situación de precariedade económica dadas as dificultades de acceso á formación e ao emprego.

Por todo o antedito, créese necesaria a posta en marcha dun proxecto destinado ás familias, mulleres soas ou soas con fillos ao seu cargo co fin de mellorar estas situacións de desvantaxe social.

Dende o Programa de Acollida da nosa Cáritas Diocesana solicítase no ano 2006 unha subvención á Obra Social Caja Madrid

co fin de poder levar a cabo dito proxecto para o ano 2007. Caja Madrid accede positivamente seleccionando e subvencionando o noso proxecto, o cal permite realizar unha labor de intervención máis axeitada con estas familias.

A posta en marcha do proxecto iníciase en xaneiro do 2007. Observando o bo resultado obtido coa implantación deste proxecto, no ano 2008, procédese á reanudación da solicitude doutra subvención á Obra Social Caja Madrid para así poder continuar co mesmo ao longo do ano 2009. A Obra Social Caja Madrid concedeunos finalmente a cantidade de 14.000 €.

Dende o noso proxecto continuarase proporcionando unha atención inmediata a familias, mulleres e menores que precisen dun acompañamento e apoio nos seus procesos de integración social.

Para levar a cabo o proxecto, contamos co apoio técnico dunha traballadora social, unha educadora social, unha psicóloga e un auxiliar administrativo. Entre todos formarán un equipo interdisciplinario que xestionará o bo funcionamento do proxecto.

Programa de Acollida.

